

A Coruña, 23 de XANEIRO de 2017.

Estimadas Familias:

Pola presente queremos agradecerlles a súa colaboración desinteresada na realización e no éxito da campaña levada a cabo nestes días e que hoxe remata "**FRIO: AXUDA AOS REFUXIADOS**". A proposta tivo unha enorme, máis ben desbordante, aceptación entre toda a nosa comunidade educativa, así como a doutros centros da cidade. Destacar, asemade, a colaboración da cidadanía en xeral o que nos levou a ver amplamente superadas as expectativas e que por mor de cuestións de operatividade na selección, no empaquetado e envío de todo o aportado tivemos que pechar antes do previsto. Foron estes días moi intensos para todos e destacamos a marabillosa implicación de todo tipo de xentes e poñemos en alta estima ao persoal colaborador nos diferentes momentos do proceso. Persoal que a día de hoxe aínda continúa a facer o seu labor.

Estamos pendentes da chegada dos servizos de recollida, Fundación SEUR, que pasarán polo centro hoxe e mañá.

Entendemos que iniciativas tan importantes como estas e a colaboración dende un centro educativo como o noso nos reforza como cidadáns do mundo e nos axuda a facer visibles aos nosos nenos e nenas unha realidade que está as portas dos nosos fogares.

Animámosvos a un último esforzo económico que servirá para poder pagar o flete que a ONG Families4peace.org ten que facer co que conseguirá levar ao seu destino toda esta cantidade de recursos humanitarios.

Así pois a todos/as aqueles que poidades e desexedes facer algunha apartación a ONG comunícanos un número de conta a tales efectos.

A espera de poder continuar contando coa súa participación en iniciativas tan importantes e significativas como esta,

Atentamente:

A Dirección, o ANPA e todo o equipo docente do CEIP San Francisco Xabier